



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame (A Coruña) do que é Alcaldesa dona M^a Teresa Villaverde Pais

CERTIFICA: Que a **Comisión Especial de Contas** deste Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día **30/05/2025**, adoptou o seguinte acordo que se transcribe de xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias, e sen prexuízo do que resulte da aprobación definitiva da acta:

2) DITAME, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO DO 2024.

En consecuencia, a Comisión Especial de Contas, por cinco (5) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e Grupo Mixto) e dúas (2) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

“Considerando que o obxecto do presente punto da Orde do Día da Comisión Especial de Contas é proceder ao exame da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2024, no cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que formada e informada dita Conta Xeral pola Secretaría-Intervención do Concello, foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación.

ACORDA:

Primeiro: Ditaminar favorablemente a Conta Xeral referida ao exercicio orzamentario do ano 2024 que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos documentos legalmente esixidos.

Segundo: Ordenar que a referida Conta, así como o informe emitido por esta Comisión Especial de Contas, sexan expostos ao público, a fin de que quen se considere interesado poida presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións teña por conveniente. Este ditame entenderase definitivo se no prazo de exposición ao público non se presentara ningunha reclamación, reparo ou observación”

E para que así conste, e aos efectos oportunos expido e asino o presente en Lousame, co visto e praxe da Alcaldía, na data da sinatura dixital.

Visto e Praxe
A Alcaldía

M^a Teresa Villaverde Pais

A secretaria-interventora

Paula Ares Otero